



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN PARA DINAMIZAR E DEMANDAR A PARTICIPACIÓN DAS FORZAS POLÍTICAS E DA SOCIEDADE GALEGA NA REDACCIÓN DUN NOVO ESTATUTO PARA GALIZA

O debate sobre o modelo de Estado e sobre a súa reformulación está definitivamente aberto e ocupa boa parte da actualidade política e mediática. Como galegos e galegas podemos asistir como simples espectadores a ese debate, pero tamén podemos asistir como protagonistas, coas nosas propias propostas e demostrando que pode e debe haber unha vía galega para a transformación positiva, construtiva e dialogada.

De como se resolva este debate depende que Galiza teña ou non as ferramentas que precisamos para construír a Galiza do século XXI: a Galiza do benestar, das ideas e das oportunidades para todos e todas. E para que Galiza saia con ben deste reto é necesario institucionalizar unha nova cultura política respectuosa co pluralismo, na que todos temos moito que aportar, sen exclusións e sen prexuízos, e nese empeño os concellos galegos deben ter un gran protagonismo.

O actual marco estatutario concibiuse como un punto de partida para o desenvolvemento dinámico do autogoberno e das institucións galegas. Neste novo tempo político o BNG quere impulsar un desenvolvemento leal do marco competencial en beneficio do autogoberno, estipulando un novo marco económico baseado na autonomía fiscal e financeira, garantindo máis compromiso do Estado con Galiza e facendo posíbel máis Galiza no mundo, abrindo novos escenarios competenciais que permitan defender os nosos intereses alá onde se deciden.

Galiza non pode agardar. A historia non entende de ritmos electorais e é o momento de asumir colectivamente un plan de traballo para asegurar que Galiza teña o seu papel protagonista na historia e no futuro que nos merecemos.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Apoiar a creación no Parlamento galego dunha "Comisión do Novo Estatuto" que nos vindeiros meses, e con independencia dos ritmos electorais, se ocupe de elaborar un documento de bases consensuado. Un decálogo de intencións e compromisos que leve o optimismo e a esperanza á sociedade galega e meta ao noso país no debate estatal.
2. Apoiar institucionalmente o compromiso colectivo dun consenso reforzado para garantir que o Novo Estatuto sexa efectivamente de todas e todos os galegos,

comprometéndonos como representantes da cidadanía galega na colaboración co novo Parlamento que xurda das eleccións, que terá a responsabilidade de consensuar o texto definitivo, para que ninguén se sinta excluído e todos nos sintamos parte.

3. Apoiar o obxectivo de someter o Novo Estatuto, unha vez aprobado polas Cortes do Estado tal e como determina o actual estatuto, a unha consulta popular, comprometéndonos a traballar para acadar unha participación masiva nesa consulta na que a cidadanía galega se manifieste dona de sí mesma.

4. Comprometérmonos, como representantes de distintas forzas políticas, a deixar fóra da confrontación electoral o consenso para o Novo Estatuto, traballando dende hoxe nun texto de consenso, sen interferencias foráneas.

En Teo, a 15 de xaneiro de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO

MODIFICACIÓN DO PUNTO 1

Coa proposta transaccional do PsdeG-PSOE, queda redactado

1. Apoiar a creación dunha Comisión especial no Parlamento de Galiza, a "Comisión do Novo Estatuto" que, integrada por representantes dos tres grupos parlamentarios e na que poderán comparecer expertos e representantes significativos da sociedade galega, se ocupe de elaborar, con independencia dos ritmos electorais, un documento de bases consensuado. Un decálogo de intencións e compromisos que leve o optimismo e a esperanza á sociedade galega e meta ao noso país no debate estatal.